

O NADAL



XXXVII

certame
de
xornalismo

certame
de
poesía



XXXVII CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL

Patrocina:



LOGOTIPO:
XOSÉ RODRÍGUEZ VARELA

DESEÑO MAQUETACIÓN:
XESÚS FRAGA

COORDENACIÓN:
XULIO XIZ RAMIL

IMPRESO EN «LA VOZ DE LA VERDAD»
DEP. LEGAL LU 148-2013

XXXVII CERTAME DE XORNALISMO SOBRE O NADAL

Patrocina:



XUNTA DE GALICIA

Colabora:

Concello
de **BEGONTE**

ARREDOR DO NADAL


Parece que o Nadal chega porque o marca o calendario, pero neste caso trátase dun sentimento que se vai transmitindo de pais a fillos e que cristaliza anualmente en Begonte (Begonte do Belén, adóitase denominar), nunha longa tempada de case dous meses que aquí é o que ven durar o Nadal.

Desde aquel lonxano 1972 (corenta e un anos xa!), a comezos do mes de decembro en Begonte comeza o Nadal porque de novo cobra vida un senlleiro Belén Electrónico, movido pola electrónica pero especialmente pola fe e pola ilusión, que chama sen palabras a todas as xentes de boa fe, e estas responden a milleiros á chamada que ten resonancias ao primeiro nacemento, a Belén, a San Francisco, e a todos os que algunha vez fomos nenos e nos sentimos nenos diante do milagre e da marabilla, da sinxeleza para reflectir un dos pasaxes –das verdades– fundamentais das nosas vivencias, da nosa fe.

Unha vez máis, e son xa corenta e dúas, desde Begonte, chamamos a todos —urbi et orbe galego— para facervos partícipes de que aquí, coma sempre, un sinxelo belén reflecte imaxes da nosa terra, dos nosos costumes, coa alta función de contaxiarvos a nosa fe, o noso entusiasmo, a nosa ilusión.

En Begonte esperamosvos, como agora e onte aos vosos pais, como agora e sempre aos

*vosos avós, para invitarvos a vivir connosco
un novo Nadal, para compartir convosco a
nosa fe, a nosa esperanza e a nosa ilusión.*

A handwritten signature in black ink, reading "Jesús Domínguez Guizán". The signature is written in a cursive style and is underlined with a single horizontal stroke.

*Jesús Domínguez Guizán,
Presidente do Centro Cultural
José Domínguez Guizán de Begonte*



POESÍA

XXXVII CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de Caixa Galicia, co gallo do Nadal 2012 ven de convocar o XXXVII Certame Nacional de Poesía sobre o Nadal, que se vai rexir polas seguintes bases:

1. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
2. O tema dos traballos ha ser o de O NADAL, desde calquera punto de vista.
3. Valoraranse os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
4. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
5. Concederanse os seguintes premios:
PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos.
- 6 A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de dous mil trece.
7. Todos os traballos han ser presentados baixo plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.

BEGONTE (Lugo), Nadal de 2012.

BASES

FALLO DO XURADO DO XXXVII CERTAME
DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”



**FALLO
DO
XURADO**

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXVII CERTAME DE POESÍA “BEGONTE E O NADAL”, formado por:

*D. MARCIAL JOSÉ GONZÁLEZ VIGO (escritor)
D.ª M.ª TERESA CORES RODRÍGUEZ (Directora de Contidos Culturais de Nova Caixa Galicia)
D. XULIO XIZ RAMIL (en representación da entidade convocante, que actúa como secretario),
acordou conceder os premios instituídos:*

- PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema MADRIGAIS AO NENO, por XOSÉ OTEIRO CANTO.*
- SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, ao poema NATUREZA GALEGA, BERCE CHAIREGO, de PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ.*
- Pola calidade dos seus traballos, o xurado acorda conceder MENCIÓN DE HONRA, ao poema TINTIRINTÍN (canto), de ISOLINA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ.*

O SECRETARIO DO XURADO

Xulio Xiz Ramil



XOSÉ OTERO CANTO

Natural de Ponte Outeiro (Castro de Rei-Terra Chá), é Licenciado en Filoloxía, e Catedrático de Lingua Castelá e Literatura no I.E.S. Lucus Augusti de Lugo, no que estudou de pequeno.

Ten publicado os libros de poesía *Salaíos da Chaira*, *Arelas de prata e soños*, *Miño, río pai e amigo*, *Guía poética da Muralla de Lugo*, *Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas*, *Poemas da cidade*, *Poética da viaxe* e *Nenias chairegas*.

O seu labor poético tenlle deparado ata dezasete premios literarios nos certames literarios do Concello de Vilalba, A Pipa (Beceerreá), Terras de Chamoso, Centro Rosalía de Castro de Bos Aires, Concello de Paradela e Nacional de Poesía do Centro cultural “José Domínguez Guizán” de Begonte.

MADRIGAIS AO NENO

Reino da terra

I

Polo Ladra abaixo en batuxo chegou
cando os prados estaban sulagados
e a ametencia os tapou.

Abeirou ao peirao de Begonte
denantes ca Santiago “O Maior”.

Correron os pastores abraiados
recibir a impronta do Deus Salvador,
metéronse no río ata os queixados
e véndose das roupas enxugados
comprenderon que era O Noso Señor.

II

Levárono ao Centro Cultural,
que por riba da estrada ten a estadía,
nun alboio principal
onde mora a concordia e a armonía.

Solidariedade pediu en Begonte
e madrigais para o pícaro loubar.

Todo isto ocorreu trasantonte:

Oito ou dez versos para o neno,
once e sete sílabas o pequeno
mais que ningún quede sen rimar.

III

Madrigais para ti picariño,
ben rimados e de fonda verdade . . .
San Xosé fixo o lume para o Meniño
e a Virxe de bondade
acalenta as súas mans solermiño.
As trapelas dos ollos van caendo
e o sono vai chegando
cunha tenra sorriso
dos beizos indecisa
brandoeira de amor coruscando.

IV

Para non espertalo,
xa non cantan os paxaros o seu chíó;
tampouco canta o galo
unque se empolique no poleiro...
San Xosé deixa a garlopa no ripeiro
e a Virxe amodiño
colle as espitas do agulleiro
e calceta unha branca carapucha
mesturando la e liño
que ten en madeixas encima da ucha.

V

O boi e a mula acanean a testa
e bótanlle ao neno ispidiño
seu bafo mol e quentiño;
entremetres na cesta
dorme o malpocadiño.
Arriba na aldea
andan labregos con feixes de leña,
tres reis sabios seguindo unha estrela,
e unhos pastores por unha vereca
tráenlle ao lombo cada un súa ovella.

VI

A Xesús sáltanlle as bágoas dos ollos
e ninguén sabe a razón...
Dádelle torta de ovos,
mel, queixo fresco e turrón,
manteiga da nosa terra
e de leite con castañas a ración.
Non quere manxares o Deus fillo,
non quere lamboadas nesta ocasión,
arela para todos acubillo
e para os desafiunzados, bendición.



PABLO NÚÑEZ GONZÁLEZ

É escritor e funcionario da Xuta de Galicia desde o ano 2002.

Apaixoado polas grandes civilizacións, en especial pola romana e a celta, raíces da súa Galicia natal.

Coa súa primeira novela, *Las hijas del César*, foi finalista do Premio Planeta de Novela 2006 (55ª Edición), da que ata hoxe en día se teñen publicado cinco edicións, máis unha en galego.

En 2010 ve a luz a súa segunda obra *Ladrones de historia* con dúas edicións.

Colaborador habitual en medios de comunicación galegos, actualmente La Voz de Galicia e Cadena SER. Ten participado en numerosas publicacións e obras colectivas, entre elas: *Mato sono Io* (Fundación Manuel María 2009), *El Juli, natural(mente)* (Imagineediciones 2010) de Cristina Padín Barca, *Se lo dije a la noche. Poemario traducido a todas las lenguas ibéricas* (Ediciones Beta 2011) coordinado por Juan Carlos García Hoyuelos.

En 2010 gaña o Premio Begonte de Xornalismo co seu artigo “Begonte, belén infinito” publicado en El Progreso e Galicia Dixital. En 2011, accésit no Premio de Poesía Concello de Paradela co seu poema “Sagrado é”, en 2012 2º Premio no XXXVII Certame de Poesía sobre o Nadal coa obra “Natureza galega, berce chairego”, nas súas primeiras incursións como poeta.

NATUREZA GALEGA, BERCE CHAIREGO

I María

Chorabas meu rei, con bágoas de amor,
viñeches coa neve naquel feliz día,
mollados meus ollos e o meu corazón.
Choraba a túa nai ao vires, choraba María.
Son de ledicia, non son de tristura,
bágoas en Belén, máis delas chairegas.

Ducias de rosas mereces, María,
a flor da roseira che dou.
Non canto verbas sen senso,
bailo cantigas de amor.
Ducias de rosas no teu nacemento,
a flor da roseira, meu rei.

Vida agarimosa.
E ti, dona da ledicia,
que lugar tan fermoso!
Raíña de corazóns, nai de Deus.
Miña dona e nai, ducias de rosas recibes,
non nun ramo calquera,
douchas nas mans que me ofreces,
póusoas nas mans que nos queiran.

Fermoso lugar que reinar,
Begonte de estrela infinita,
mundo de maxia no que descansar,
alí é raíña María.

II Onde habita a maxia

Nos misterios do Nadal
regatos de prata e troitas,
o veciño que nó-las pesca,
outros dous a serrar.
Muiñeiros que moen cedo,
lexionarios no castelo,
todos eles cara a ti,
e ti entre palliñas quentes.

O carpinteiro no labor, asubía,
mestre coma Xosé,
señores de Oriente cabalgan, cantan,
seguindo unha estrela bailar.
Tecedoiras tecen la
e zoqueiros zapatiños,
de madeira e de la virxe
para o neno nado rei.

Están a chegar os magos,
estalou a treboada,
o vento treme con forza
e o lóstrego faino calar,
chuvia nos outeiros, chuvia begontina,
neve nos tellados, neve galega.
Os tronos non te espertan,
a neve vaite mimar,

tres coroas douradas, meu rei,
tres coroas xa no teu lar.
O abrente da chaira,
primeiras luces, branca paisaxe,
ferreiros suando á beira do lume,
E aquela árbore,
serán quen de derrubala?

III Natureza galega, berce chairego

Alguén dixo que as árbores non falan?
Eu oín o cantar triste dos piñeiros,
ninguén dixo que os carballos cantan?
Eu escoitei as súas cantigas nos outeiros.
Nun belén na ribeira do Ladra
dous labregos non son quen de derrubalas.

Falei cos carballos e chorei cos pradairos,
coñezo o seu son,
chorei cos castiñeiros e falei cos bidueiros,
coñezo as súas bágoas.
Aos pes de Xesús Rei,
elas brincan, rin e bailan.

Aos pes do neno rei, agasallos,
dende o adarve das murallas, ameazas.

O romano era forte,
a espada asasina.
Vellos druidas falaban da terra dos bosques,
do país das augas,
vellos bardos cantaban do país das meigas,
da terra das fadas.
O invasor chamoute terra de lobos,
Gallaecia, fogar dos bárbaros,
Sabían o que facían?
Sabían,
chegaron e quedaron.

Mais a espada non vence unha ilusión,
e a ilusión ten o berce do neno,
leva a maxia da chaira,
respira arumes chairegos.
Dende as ribeiras do Ladra cara o ceo
un neno chegou, e quedou.



ISOLINA FERNÁNDEZ MARTÍNEZ

Natural de Ourense (Quins-Melón), é Diplomada en Ciencias Humanas pola Escola Univesitaria de Formación do Profesorado de Ourense, e fixo estudos de Dereito na UNED.

Traballou no Servizo Xurídico do Estado na Audiencia Nacional, na Biblioteca Intercentros de Lugo e no Servizo Galego de Saúde. É afeccionada á lectura, escritura, cine, teatro, viaxes culturais, paisaxes naturais, decoración, moda, manualidades, gastronomía e deporte.

NADAL

Agarimo, noite tépeda de frío inverno
Aloumeo inquedo con ollares de medo, de tenrura sinxela
Quebrar de bágoas sinceiras de noite silente,
Lamento ferinte de corazón silandeiro.
Alumar de esperanza
Sen outra inquedanza.

Arremedo invisible outea no cumio do coto da serra
Semella pantasma que ben non quixera
Chega inverno sen case prebenda
Torna o frío e sen case querer achega arrepíos
Rexeita praceres por néboas e choivas que caen firentes.
Entra lenemente.

Brancura inqueda de crúa nevada
Entra en Begonte o rei da foliada.

Pranta Begonte o nacemento boneco de pel, velaíño enxebre
Nadal de viveza, doce pesebre de palla seca
De grande nobreza
Soñan os homes, soñan os nenos os mozos e vellos
Amor e duzura abren camiño.
Entra lenemente
O ar de Begonte arrezuma a quente
A calor navideño de boa xente.

TINTIRINTÍN (canto)

Tintirintín, tantarantán,
Nace Xesús en Navidá
Tintirintín, tantarantán
Ispe alma de soedá
Cúbrese o mundo
De son de paz.
Tantarantán...
De son e paz.
Tintirintín, tantarantán
Chove no pobo pola mañá
Tintirintín, tantarantán
Regos de amor
Chegan acá
Polo aceno deste nadal
Tantarantán...

Deste Nadal.
Tintirintín, tantarantán
Sorrí Xesús que lacazán
Tintirintín, tantarantán
Sorrí Xesús que lacazán
Tintirintín, tantarantán
Que xeitosiño,
Que folgazán
Tan pequeniño, tan pillabán
Tantarantán,
Que pillabán.

Tintirintín, tantarantán
Pequerrechiño ven para acá
Tintirintín, tantarantán
Ponte quedíño
Meu pequeniño
Fica amodiño
Tantarantán...
E acougadiño.
Tintirintín, tantarantán
Cantos de ceo son para ti
Tintirintín, tantarantán
Agasalliños que bendecir
Begonte enteiro
Clama por ti
Tantarantán...
Clama por ti.

Tantarantáaan
Nace Xesús neste Belén...
Tantarantáaan
Naceu Xesús neste Nadaaal.

sanal para le...
ousas da vida, cheo de a...
universais, cheo de a...
dos dos nosos devance...
n habilidade, inxenio e...
a...
arredor é tamén un...
ropicio para que a...
da á ledicia arte...
tiva medre e...
mas...
sua... a...
parpadexa...
ata o antencer du...
no que se aviva a ch...
vida e do traballo corián...
Nunha xuntanza do gra...
os protagonistas do gra...
ro pleno: Os Re...
arón do Neno Deus, e...
ria e S. Xosé, e...
e camellos re...
nde viaxe...
ñas un...
arm

PRENSA

XXXVII CERTAME DE XORNALISMO
“BEGONTE E O NADAL”

O Centro Cultural José Domínguez Guizán de Begonte (Lugo), entidade promotora do Belén Electrónico, co patrocinio da Xunta de Galicia e co fin de potenciar o espírito do Nadal, e que se coñezan mellor os actos que con este motivo se celebran en Begonte, convoca o XXXVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, de acordo coas seguintes bases:

A. Poderán tomar parte neste certame os que publiquen, en calquera xornal, revista ou en internet, en lingua galega ou castelá, algún traballo ou serie de traballos sobre calquera tema que faga referencia ó Nadal en Begonte e –en xeral– ó Nadal en Galicia.

B. Establécense dous premios para os que se consideren os mellores traballos, dotados con:

- PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO.– 600 euros e estatuíña de Sargadelos.
- SEGUNDO PREMIO.– 300 euros e estatuíña de Sargadelos.

C. O prazo de entrega dos traballos que se presenten ó certame rematará ás 12 horas do seis de xaneiro de 2013, debendo facerse a entrega no Centro Cultural de Begonte, persoalmente ou por correo.

D. A presentación ha facerse por triplicado exemplar do xornal ou revista na que se publicase o traballo, xunto cunha nota na que se fagan constar os datos persoais do autor. No caso de traballos en internet, texto impreso e indicación da páxina onde está publicado.

BASES

Begonte (Lugo), Nadal de 2012.

FALLO DO XURADO DO XXXVII CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”



FALLO DO XURADO

O Xurado calificador dos traballos presentados ó XXXVI CERTAME XORNALÍSTICO “BEGONTE E O NADAL”, formado por D. XESÚS MATO MATO, D^a BLANCA PACÍN SOMOZA, D. MARCIAL GONZÁLEZ VIGO, D. XULIO XIZ RAMIL e D. JOSÉ RODRÍGUEZ GÓMEZ, do Centro Cultural de Begonte, que actúa como Secretario, examinados os traballos presentados, acorda emitir o seguinte fallo:

- *PREMIO BEGONTE DE XORNALISMO, dotado con 600 euros e estatuíña de Sargadelos, ao traballo NADAL MIUDO, publicado en www.galiciahoxe.com por RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ.*
- *SEGUNDO PREMIO, dotado con 300 euros e estatuíña de Sargadelos, concédese a O BELÉN DOS AVÓS, publicado en www.galiciadigital.com por KENIA VALLE PRADO.*
- *Pola calidade do seu traballo, concédese MENCIÓN DE HONRA dotada con estatuíña de Sargadelos a RAMÓN EIJO BALSEIRO, polo traballo titulado A CASA BALEIRA, publicado en www.galiciadigital.com.*

O SECRETARIO DO XURADO

José Rodríguez Varela



RUTH FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ

Profesora de Ensino Secundario, na especialidade de Lingua Castelá e Literatura, é colaboradora habitual de xornais como Galicia Hoxe, no que se publicou o traballo *Nadal miúdo*, merecedor do primeiro premio no XXXVII Certame de Xornalismo “Begonte e o Nadal”. No eido do Xornalismo, gañou tamén o “Premio Periodístico Manuel Reimóndez Portela”, na súa novena edición, obtivo Accésit no I Premio Xornalístico sobre Montefurado (Concello de Quiroga, decembro 2005), e 2º Premio no X Certame ‘Cartas de Amor Vila de Quiroga’.

É autora do libro *A provincia de Lugo na obra xornalística en castelán de Ánxel Fole*, un traballo de investigación que se centra na análise e compilación dunha gran cantidade de artigos de prensa de Fole referidos á zona do interior e á costa de Lugo. Tamén é coautora do libro *Historia do Orfeón Lucense*.

NADAL ' MIÚDO

Esta maldita crise económica estamos a mergullar nun estado de amargura constante. É o tema ao que acudimos en cada conversa, sen ser capaces de fuxir dunhas consecuencias que se prolongarán no tempo máis alá do que se quere admitir. Os cidadáns de a pé somos conscientes da que se aveciña. Estamos a sufrir as decisións equivocadas na nosa propia pel... Moitos vemos mermado o noso soldo mes a mes. Agora ficamos sen cobrar a paga extra de Nadal. Pero iso non repercute en ninguna mellora, cada día hai máis paro, máis miseria humana, máis crise. Eu estaría encantada de poder colaborar dalgunha maneira. Se me levan recortando dous anos e vexo que non se dá ninguna mellora... síntome estafada. Roubada. Se agora me quitan a paga de Nadal e non beneficia esa medida a ningún pñoome en pé de guerra. Por que en troques de recortarnos sempre máis e máis aos mesmos non recortan noutros sectores? Por que non se reduce o número de políticos que están chuchando as arcas públicas? Por que non hai cartos para cubrir as xubilacións dos funcionarios e si hai recursos para manter a un 90% de políticos que talvez sobren? Por que non destinan a paga extra que non cobramos a comedores sociais, a dar aos que non teñen nada? Entón eu pasaría o Nadal en paz. Non o entendo, todo son incógnitas. Fágome máis e máis preguntas, coma Mourinho. Por que? Por que?

Este é un Nadal triste. As rúas non explotan en risos e balbordo como acontecía nou-

trora. Talvez antes tamén se poñía demasiado fincapé nos bens materiais, pero agora hai tantas familias pasándoo tan mal... que a ledicia do pasado foi substituída por unha corrente de bágoas que esvaran por rostros consumidos pola necesidade, pola preocupación, pola fame. Os típicos produtos de Nadal, a disposición do consumidor dende novembro, mércanse con moderación. Afastado queda o consumo dos anos pasados. Talvez esta situación faga recapacitar e recuperar o valor que estas datas tiveron antano. Dámonos conta de que a situación problemática non se dá a miles de quilómetros da nosa casa, xa non só tratamos de ofrecer un gran de area a través de Unicef ou Cruz Vermella. A miseria, a necesidade... están a dous pasos da nosa porta, moi preto. Moitas persoas que antes vivían medianamente ben están a facer cola nos locais da cociña económica, agardando un cheque para comida...

COMPARTIR. Esa é a palabra máxica. Trátase de ofrecer algo de nós mesmos aos demais, axudar a quen necesita a nosa man amiga, a quen precisa un prato quente para afrontar a frialdade da alma. Talvez a esencia propia do Nadal estea en esquecer as pantagruélicas ceas e ofrecer aos nosos semellantes un paquete de sentimentos solidarios, colaborando nos bancos de alimento, deixando paquetes de legumes e comida non perecedeira. Trátase de compartir o que temos, mesmo de renunciar a compras superfluas, innecesarias, para facer que outras persoas vivan un chis-

co mellor nestas datas nas que so os acompaña o sufrimento. Lembremos que esa é a mellor forma de desmostrar amor: amar é compartir, como sempre digo. Esa é a esencia do Nadal, unha festa ben coñecida pola xente de Begonte. Lonxe das ilusións para cambiar de vida por un golpe de sorte que pode traer o azar a través do Gordo de Nadal, hai algo que se chama solidariedade. Son necesarios, si, pero precísase algo máis que cartos para sermos felices.

Practiquemos a empatía, poñámonos no punto de vista do outro. Lembro un proverbio hindú que di ‘so saberei como te sintes se son capaz de calzar os teus mocasíns e percorrer o deserto que ti percorriches’. So mudamos a existencia, o estrés do día a día, se dende o noso interior facemos o propósito de ser un chisco mellores có día anterior. Se renunciamos ás présas, se observamos o que pasa ao noso arredor, se nos volvemos un chisco máis humanos e damos algo de nós a quen necesita o noso apoio. Se viaxamos a Begonte, descubriremos o significado da palabra Nadal. Non nos fai falta ningún dicionario, nin o da Real Academia Galega. No exemplo do Belén electrónico de Begonte, cando exercemos de anfitrións, de profetas na nosa terra, e levamos aos amigos a descubrir ese máxico lugar, entendemos o espírito do Nadal que Charles Dickens quixo reflectir no seu clásico *Cuento de Navidad*.

En Begonte todo está artellado para asistir a un espectáculo sen igual, dándonos tamén unha clase de antropoloxía, aprendendo os ofi-

cios de vello, propios da Terra Cha que o poeta Manuel María tanto amaba. As figuras, movidas pola maxia dunha mecánica oculta, gardan o agarimo de quen tantos anos fixo posible o milagre do Belén e que todos lembramos. O seu espírito está presente en cada pase, mentres escoitamos as panxoliñas de Nadal neste lugar simbólico de Lugo: Begonte, o lugar onde sempre é Nadal.

Imaxinemos a clásica estampa de Nadal: todo branco fóra, vendo caer as folerpas de

neve a través da fiestra, dentro da casa calor humano e a mellor calefacción. Os mellores manxares. E moitos agasallos. ¿É este o verdadeiro Nadal? Non se no resto dos fogares se sinte o sufrimento, se hai familias que non posúen alimentos cos que combater a dor causada pola fame, miles de nenos que non teñen un só xoguete para fuxir da realidade e debuxar un sorriso nos seus beizos. Que a visita ao Belén nos asolague de bos propósitos para o 2013, tomando como bandeira o amor.



MARIA EUGENIA VALLE PRADO (*Kenia*)

Amante da natureza, da arqueoloxía, do deporte (principalmente fútbol e baloncesto) e da lectura, traballou como auxiliar administrativa, axudante de arqueólogo, nas industrias madeireira e láctea, e como mestra de informática.

En Begonte, gañou o 1º premio do XVII Certame de Debuxo Infantil no Nadal de 1992, unha Mención de Honra no XXXV Certame de Xornalismo “Begonte e o Nadal”, e o Premio Begonte de Xornalismo no XXXVI Certame.

UN BELÉN NOS AVÓS

Un ano máis no que o noso Belén de Begonte abre as súas portas, pode parecernos que xa está todo dito sobre del. Proba de que non é así, é que cada ano, fainos reflexionar e ver nel algo diferente.

Fai un par de semanas, achegueime a velo (son incapaz de lembrar as veces que o vin) e ollando as súas figuriñas, lembreime dese universo de sabedoría que son os nosos vellos.

Vin ao meu avó sentado baixo un frondoso e vello carballo facendo nos cestos con varas de vimbio namentras susurraba unha fermosa pero coitada cantiga que súa nai lle cantaba de pequeno, cando o arrolaba... vino desbastando unhas toradas que logo se converterían en quentiñas zocas para o inverno... vino no muíño, suoroso polo peso do saco de millo que levaba para logo cocer... vino cortando na leña, (quentándose dúas veces como él moi ben dicía) que logo se queimaría tódalas noites deste tempo de Nadal...

Cánto teño qué agradecerche!!!... por criarme como pai, consentirme como avó e escoitarme como amigo...

É curioso, porque endexamais o vira ata este ano.

Resulta moi estrano plasmar nunha folla de papel o vivido cos nosos... parece coma se o lapis non quixera escribir, enguedéllanse as verbas nun maraño coma o cabelo polas mañáns... como é posible?

...pero se viven tantas noites nos nosos soños!!!... se falamos deles a cotío!!

Cando perdes a un maior, perdes o mellor libro vivinte; eles son eses libros que saen da alma, da experiencia, do bo facer... onde as follas son as probas vividas e a tinta que os escribe é o sangue do corazón, de onde sae ese amor incondicional que profesan ós seus.

Pero a min, quedame outro libro... outro libro que algún día quizabes vexa na fiandeira do liño atando unha manela de estopas, amasando e cocendo o pan, coidando do gando...

Este libro en esencia, de noventa e oito anos, con pelo de neve e sorriso doce e inocente como o dun meniño, recita ao meu carón...

“A Belén va caminando S. Jose e máis María; María iba encinta, el camino la rendía.

S. José volvió atrás y esta suerte le decía:

Andemos María andemos, que se nos acaba el día.

María contestó:

Si se acaba que se acabe, otro Dios nos traería.

Cuando llegaron a Belén, era noche escurecida; María se acostó donde las mulas comían.

Las mulas comían paja y los bueis abafan la cría; nunca hijos tengáis ni cosa que recienda.

Bajan ángeles del cielo a visitar la parida, unos subían arriba y otros bajaban abajo, preguntan unos a los otros como queda la parida.

La parida buena queda, en su sala recogida, la casa donde ella queda es de alta cantería, ni la hizo carpintero ni amor de amorería, que la hizo Dios del cielo para la Virgen María”.



RAMÓN EIJO BALSEIRO

Naceu na parroquia de San Isidoro do Monte, a máis montañosa do concello de Xove.

Pertence ó persoal do Sergas (área administrativa), labor que compaxina con outras actividades.

Góstalle moito escribir, sobre todo relatos curtos, dos que ten algún que outro publicado.

En 2010 gañou o segundo premio no XXXIII Certame Xornalístico “Begonte e o Nadal” co relato titulado “Palmira de Ourel”.

A CASA BALEIRA

Hai días que ó espertar pola mañá doume conta de que estou máis prèto daquela ilusión de neno, que era ser coma o meu avó. El foi unha persoa especial para min, pois os mellores anos da miña vida que foron os da infancia paseinos con el e coa miña avoa, xa que os meus pais tiveran que ir traballar a Suiza.

Lembro con especial cariño aquelas tardes de inverno cando cun abrigo e un parau-gas o atopaba no patio da escola de nenos daquela aldea que tantos recordos me trae. Eles querían que fose o neno máis feliz do mundo, levábanme con eles no carro ó monte, poñíanme na grade no terreo e montábanme no Platero, un burro moi manso e dócil que cando ía nel presumía de ter un dos mellores cabalos de raza. Eu non entendía moi ben porque os meus pais viñan de cada dous anos a traerme agasallos e darme bicos que eu non quería, os avós dicíanme que tiveran que irse para gañar diñeiro para unha casa e que para o ano xa estarían con nós.

Os anos foron pasando, eu funme facendo grande, e os avós cada vez máis vellos. Era eu agora quen tiña que coidalos.

Quixen que nos derradeiros días das súas vidas se sentiran queridos e felices tanto como me sentín eu con eles, porque eles foron os que me taparon cando tiña frío, os que me abriron os ollos á vida, os que me deron unha educación con valores, os que me transmitiron as súas sabedorías, os que me ensinaron

a compartir os xoguetes que me traían meus pais cos máis pobres da aldea, os que cada mes de Nadal malia ter traballo no campo sempre tiñan un día para levarme a visitar o Belén de Begonte.

Foi un feito que marcaría para sempre as miñas festas do Nadal, pois que recorde sómentes faltei unha vez, cando miña tía Moraima me levou a pasar o Nadal con ela a Madrid, e alí puideren ver moitos beléns, incluso un napolitano que me gustou moitísimo, pero dentro de min sentía unha tristura porque ese ano non puidera ver o meu belén, xa que con el me criei e pasei os meus anos de neno.

Tiñamos unha complicidade: eu medraba un pouquiño e el aumentaba un anaquiño cada ano. Lonxe estaba de pensar que se ía converter nun dos beléns máis vistos e fermosos. Lembro que cando chegaba imaxinaba sempre unha luz que o alumeaba todo quizais para compensar a escuridade que me producía a falta dos meus pais. Alí con roupa e zapatos novos que miña avoa mercara días antes na vila, sentíame moi contento e apreciaba tódolos detalles.

Días despois recordo que no recreo e durante un tempo sempre saía o tema do belén e as partes automáticas das figuriñas, nas que D. Eliseo, o noso mestre, dábanos unhas clases teóricas sobre o seu funcionamento.

Quero seguir con esta herdanza dos meus avós, por iso non dubido en ir sempre acompañando ós meus fillos, máis agora que xa toman conciencia das cousas. Este ano quixen explicarlles o que para os cristiáns ten o nacemento de Xesús, e comentáballes que con el respirábase paz, armonía, amor e felicidade.

Namentres no Castelo da dereita está o mal, os que non teñen corazón, os corruptos, os que negocian cos pobres...

Deime conta que me estaba sobrepasando nesta clase improvisada, quizais motivada pola carga emocional que nos está a tocar vivir nesta época, cando me vin interrompido pola voz da miña filla máis vella, que moi rebuldeira ela, empezou a gritarme: –¡Papá, papá, este ano temos un prado!

A nena abriume os ollos para facerme reflexionar que ós cativos hai que falarlles de alegría, de amor, de esperanza, de futuro, e non de problemas e artimañas que inventamos os maiores.

Xa de volta quixen pasar pola casa que os meus pais chegaran a erguer na vila e que destaca das outras do lugar. Mirando para ela e cunha pena moi grande no meu corazón, pensei se de verdade mereceu a pena tanta renuncia, traballo e sacrificio por unha casa que é moi bonita por fóra pero que fica baleira por dentro.

Para o ano voltamos...



CENTRO CULTURAL "JOSÉ DOMÍNGUEZ GUZÁN"
BEGONTE (LUGO) – DEC. 2013-XANEIRO 2014